

12^a

Festa da
VIEIRA de
CAMBADOS

18 - 21
Xullo
2013

Organizan:



Colaboran:



Deputación
Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

Martín Códax

A Vieira, Raíña da Ría

Dí a lenda que de entre as súas cunchas emerxeu, ao nacer, a bela Venus, nua e fermosa, como reflexa Botticelli no seu famoso cadro.

O peregrino medieval convertiuna no seu símbolo e desde entón é a máis fiel compañeira da aventura xacobeá.

A presenza deste produto na carta dos mellores restaurantes do mundo acredita a súa importancia gastronómica.

A vieira é pois un dos grandes símbolos de Galicia pero tamén un dos máis sabrosos mariscos. Para moitos, é a raíña das rías.



A Vieira e a súa simboloxía

Todas as peregrinacións, sin excepción, posúan toda clase de obxectos e atributos característicos, recordos das mesmas, en moitos casos obxectos santos ou santificados. As veces eran pedras dos edificios santos, augua do Jordán, aceite das lámparas que arderon ante os seus altares, limaduras de ferro das cadeas de San Pedro, etc.

A peregrinación a Santiago posúe enseñas propias, entre as que sobresaie o uso de vieiras ou cunchas como gran atributo xacobeo. O uso de tal motivo foi tan pródigo no peregrino xacobeo, que non só tiña a presumible funcionalidade de axudarse con ela para beber, senon que formaba parte da súa indumentaria decorativa no traxe de romero, na esclavina, no sombreiro, ... Incluso comprada como regalo podíanse atopar en chumbo, óso, marfil e metais preciosos, que vendíanse no mercado florecente na porta de Azabachería.

A vieira indicaba fundamentalmente a peregrinación a Santiago, pero por extensión adxudicóuse a todo tipo de peregrinación, e por conseguinte era obxecto de devoción local en outros santuarios, xeralmente preto do mar.

O significado da vieira no transcurso dos séculos e dos camiños pasou a ser o signo de recoñecemento de peregrinación e dificultade. Ao portante das mesmas ofrecíase axuda na consideración do seu esforzo e santificación para sobrelevar as fatigas e perigos, sendo a vez beneficiarios das obras de caridade que ofrecían as institucións hospitalarias, as cofradías e outras xentes que neles recoñecían ao peregrino e a Cristo, como era o indicativo evanxélico extendido naquela época.




A Vieira, enseña de Cambados

Na actualidade, Cambados é o único porto galego autorizado para comercializar a deliciosa vieira, enseña deste municipio. En 2002, Confraría de Pescadores, Concello e Consellería de Pesca uníronse para poñer en marcha a Exaltación da Vieira, unha festa moi popular que faise coincidir coa da Virxe do Carmen, de enorme arraigo mariñeiro, e que sirviu para relanzar unha flota de casi 100 barcos na que traballan 250 mariscadores.

Para moitos cambadeses e galegos, o albariño e o marisco constitúen unha especie de mistificación de carácter relixioso. Un párroco cambadés bendixo esta afirmación por escrito: “Los curas del Salnés consagran con Albariño el misterio de la Eucaristía...” Asimesmo, a tradición convertiu a maridaxe Albariño-Vieira en un dous peculiares atractivos da rica gastronomía do Salnés.

En diversos pasaxes da lexendaria historia albariñense encontramos tamén referencias á vinculación de Cambados coa tradición xacobeá. As terras do Salnés e as augas da Ría de Arousa foron santificadas pola presenza do Apóstolo Santiago, antes de que o seu corpo arribara a Iria Flavia na barca de pedra, e por eso os peregrinos camiñan portando a concha de vieira como símbolo crucial do Camiño, ademáis de pervivir mariscos na ría que levan inscrita a cruz apostólica. Todos cantos peregrinan a Compostela acheganse as Rías Baixas e deteñense en Cambados para visitar os seus pazos melancólicos, os seus monumentos e os seus belos paisaxes, para saborear a vieira ademáis de degustar ese viño algarreiro que todo o ouro da terra ten prisioneiro, como recitara o noso poeta Ramón Cabanillas.



PROGRAMA

Xoves, 18 de xullo: Día de Sta. Mariña

12.00h Apertura das instalacións para degustación gastronómica.

Exposición dos traballos escolares sobre a Vieira.

Audiovisual “O Rastro da Vieira”

Banda de música e gaiteiros.

13.00h Entrega de recoñecementos da Vieira á comunicación.

- Onda Cero. Programa “Gastronomía en la Onda”

- El Correo Gallego. Sección “Gastronomía”

- TVG. Programa “Ribeira”

de 16.00 a 19.30h

Peche das instalacións.

16.30h Regata de Bateis 1ª Bandeira Sta.

Mariña de Cambados en Sto. Tomé

19.30h Mostra da Canción Mariñeira.

Grupos da Ría de Arousa.

20.30h Entrega de trofeos da Regata de Bateis, na

carpa da Alameda.

00.00h Peche das instalacións.



PROGRAMA

Venres, 19 de xullo: Día de San Antonio

- 12.00h** Apertura das instalacións
- 12.30h** Entrega de distincións e recoñecementos da Vieira:
- Promoción Turística: Celestino Lores, Pte. Asoc. Camiño Portugués
 - Promoción gastronómica: Restaurante Retiro da Costiña
 - Promoción social: Enxebre Orden da Vieira
 - Símboloxía: AEGAMA (Asociación de empresarios gallegos en Madrid)
 - Aplicación Artística: Capela da Illa da Toxa
- 16.30h** Motonáutica no Porto de Sto Tomé
- 17.00h** I Campionato de Ergómetro e Kayac Ergómetro (eliminotorias)
- 19.30h** 1ª Demostración de cociña (Showcooking) da Vieira de Cambados a cargo dun afamado cociñeiro.
- 20.00h** Exposición e entrega de premios do Concurso gastronómico da Vieira de Cambados no que participan os restaurantes da comarca.
- 20.30h** Entrega de trofeos de motonáutica na carpa da Alameda.
- 22.00h** Mostra da Canción Mariñeira.
Grupos da Ría de Pontevedra
- 23.00h** Festival Folk da Vieira no Pazo Torrado



PROGRAMA

Sábado, 20 de xullo: Día de Sta. Margarita en Sto. Tomé

10.00 a 21.00h

PLAZA 2014. Baloncesto 3x3 na Praza de Fefiñáns

12.00h

Campionato de Paddle Surf no porto de Sto. Tomé.

12.30h

Chegada da I Concentración de Ferraris.

Na explanada do Pazo Torrado ata as 19.00h.

13.00h

Exaltación da Vieira a cargo de Luís del Olmo

17.00h

I Campionato de Ergómetro e Kayac Ergómetro (Final)

19.30h

2ª Demostración de cociña (Showcooking) da Vieira de Cambados a cargo dun afamado cociñeiro.

20.30h

Entrega de trofeos do Paddle surf na carpa da Alameda.

21.00h

Mostra da Canción Mariñeira. Grupos da Ría de Vigo.
Entrega dun recoñecemento ao mellor percusionista da Vieira.

22.30h

Gira Máxima FM no Porto de Tragove



PROGRAMA

Domingo, 21 de xullo: Día do Carmen

- 12.00h** Concentración de barcos clásicos e cruceiros na Ponte de Sto. Tomé.
- 13.00h** Entrega de recoñecementos as xentes do mar de Cambados na carpa da Alameda.
- 19.00h** Procesión do Carmen
- 22.00h** Concentración na Praza de Fefiñanes para interpretar a Canción do Albariño acompañados de cunchas de vieira e una copa de viño.



MOSTRA DA CANCIÓN MARINEIRA EN CAMBADOS Días 18, 19 e 20 de xullo

Bases de participación

- Máximo de 8 compoñentes por grupo
- Acompañamento: calquera instrumento tradicional. Haberá un premio para o mellor percusionista de cunchas de vieira.
- As actuacións darán comenzo ás 21.00h. Pódese chegar unha hora antes para as probas de son.
- Cada grupo participante recibirá:
 - » 1 camiseta por compoñente
 - » 1 recordo
 - » 1 foto da actuación
 - » 1 estuche de 3 botellas de albariño
 - » e 1 ducia de vieiras.

